



# O NADAL



## XXXIII

**certame  
de  
xornalismo**

**certame  
de  
poesía**



# **XXXIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL**

---

Patrocina:



LOGOTIPO:  
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:  
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:  
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»  
DEP. LEGAL LU 297 - 2009

# **XXXIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL**

---

Patrocina:



**XUNTA DE GALICIA**

Colabora:

Concello  
de **BEGONTE**



# ARREDOR DO NADAL

No Belén de Begonte vivimos todo o ano en función do Nadal, e este tempo especial sérvenos de referencia para marcar os períodos de tempo, e máis cada nos medimos en nadales a nosa existencia.

Agora que comezamos unha nova edición do Belén e das actividades que o rodean (xa a número XXXVIII), é momento de desexar a todos os que sintonicen cos nosos ideais un feliz Nadal, un Nadal en familia, un Nadal dentro da gran familia que podemos e debemos formar todas as persoas de boa vontade.

Nesta publicación anual ofrecemos os traballos de xornalismo e poesía premiados na edición do pasado ano, na seguridade de que servirán para atopar cadansúa fiestra a través da que contemplar aspectos diferentes dentro do amplísimo panorama que este tempo presenta para todos os que saibamos mergullarnos nel.

No nome das xentes que facemos o Belén Electrónico de Begonte invito a todos a vir ver o noso Belén e participar connosco no espíritu que cada Nadal nos anima.



Jesús Domínguez Guizán,  
Presidente do Centro Cultural José Domínguez  
Guizán de Begonte





POESÍA

## XXXIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2008 convoca o XXXIII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

- 1.—Poden concorrer todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
- 2.—O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.—Hanse valorar os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.—É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.—Hanse conceder os seguintes premios:

**PREMIO BEGONTE DE POESÍA**, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

**SEGUNDO PREMIO**, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

- 6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil nove.

- 7.—Todos os traballos han ser presentados baixo placa, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2008.

# BASES

## FALLO DO XURADO DO XXXIII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”

---



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXIII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO (escritor)

D. SINESIO PÉREZ RODRÍGUEZ (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os premios instituidos:

— PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema *CHEGOU NA LUZ DA XEOMETRÍA TENRA DA NOI-TE*, do que resultou ser autor XOSÉ OTERO CANTO de Lugo.


— SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros, e estatuíña de Sargadelos, ó poema *CON LOS OJOS EN EL NIÑO DE BELEN*, do que resultou ser autor LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGOS, de Ferrol.

O SECRETARIO DO XURADO

FALLO  
DO  
XURADO

Xulio Xiz Ramil





## XOSÉ OTERO CANTO

Nado en Ponte de Outeiro (Castro de Rei-Lugo), é profesor de ensino secundario na materia de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, centro no que estudiou de pequeno.

Ten publicados os libros de poemas "Salaios da Chaira" (con ilustracións de Anxo Lamas, editado pola Fundación Manuel María da Terra Cha, Colección "As foulas do Rañego" N° 4) e "Arelas de prata e soños".

En 2007 obtivo o segundo premio no Certame Literario do Concello de Vilalba co libro de poemas "Nesta silandeira cremalleira de auga", referido ó Río Miño. En 2008 consegue o 1º premio do XXXIV Certame do concello vilalbés polo poemario 'Atafegando o Asfalto'. Xa en 2009, o Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal en Begonte e o 2º premio do XXXV 'Certame literario de Vilalba', polo poemario "Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas".

# CHEGOU NA LUZ DA XEOMETRÍA TENRA DA NOITE

*XESÚS segundo os doutores:*

Chegou cando a perpendicularidade calma dos carballos  
choutaran as puchas das súas landras.

Chegou na xeometría tenra da noite  
dende os triángulos de luz,  
cando as faíscas dos soños engolen distancias,  
cando os alustros de Mitra queimaban as velas do mal,  
cando os relampos de ben pechaban séculos escuros.  
Veu nun lóstrego escintilante de virtude.  
Veu nunha nube de desexos esponxados de luz.  
Veu nunha volainiña serodia á luz do amencer  
e quedouse en Begonte baduando desexos,  
e quedouse en Begonte lembrando o seu ser.

*XESÚS segundo os chairegos (a modo de panxoliña)*

“Capizos de estopa.  
Risas de mel.  
Nimbos de santos.  
Dondura e pracer”.

Homes da Chaira, mulleres do chan,  
pequenos e mozos, todos... vide espreitar:

Cabelos louros de amoriños de altar,  
Coxas de lúa, brazos de amorodos.  
Mans de nácar de doce apaxar.  
Pés de seda, labios de cristal.  
Olliños azuis, de celta mirar.  
Conforto e amparo,  
verdade e sinal.

“Capizos de estopa.  
Risas de mel.  
Nimbos de soños.  
Ventura e lecer”.

Din que pousou en Begonte unha estrela.  
Din que esta noite a viron pasar.  
Faíscas de soños, alustros de vela,  
relampos de ben, lóstregos no lar.

“Capizos de estopa.  
Risas de mel.  
Luces de santos.  
Excelso ser”.

## *BELÉN*

Trinta e sete anos na oxiva da carroucha do portal  
trato fixeron San Gabriel e uns arteiros begontinos  
transmutar a Galilea pola freguesía da Chá  
dando vida en movementos ás figuras do Belén  
e convertendo a Begonte en capital do Nadal.  
Peregrinos que abesullan de Galicia a Portugal.

“Un Belén a todo pano  
move figuras de antano  
en Begonte que hogano  
hai que visitar”

Labregos de asida rabela.  
Muiñeiros de trigo albeiro.  
Ferreiros de ingre peteiro.  
Pegureiros sen cancela.

Carreteiros de boa xugada.  
Pescadores de lenzo e sinal.  
Canteiros coa pedra picada.  
Zoqueiros de legra afiada.  
Costureiras de agulla e dedal.

“Un Belén a todo pano  
move figuras de antano  
en Begonte que hogano  
hai que ir a visitar”.



## LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGÓ

Crego e escritor, é profesor do Instituto Concepción Arenal de Ferrol, coadxutor do Pilar e Capelán das Relixiosas Mercedarias desta cidade.

Ten escrito un libro de divulgación relixiosa e varios poemarios. Escribe artigos de opinión en *El Ideal Gallego* e *Diario de Ferrol*.

Entre os seus premios de narrativa destacan o “Pérez Galdós”, o nacional de contos “Ateneo de Sevilla”, e o de contos de Carreño-Asturias. En poesía, o “Alfonso Camín”, de Xixón, o “Ausias March”, de Gandía; o “Carabela de Plata”, de Barcelona”, “Nacional Jerez”, “Amantes de Teruel”, “Gerardo Diego”, ou o “Francisco de Quevedo”, de Villanueva de los Infantes.

# CON LOS OJOS EN EL NIÑO DE BELEN

LEMA: NIÑO MÍO

## AMOR SOLIDARIO

Déjame que te diga, Niño mío  
la pena que me invade el pensamiento;  
déjame que te diga cuánto siento  
que haya pobres muriéndose de frío

¿No debiéramos ser gavilla y río  
de amor ilimitado, sol y aliento  
para el hombre sin ropa ni alimento,  
que malvive enfundado en el hastío?

Mueve, mi Niño Dios, nuestras entrañas.  
Haznos saber que sólo las hazañas  
del amor solidario te complacen.

Y que la Navidad tenga el aroma  
del amor encendido que se asoma  
donde los hombres en miseria yacen.

## PAZ

Tú nos traes, Niño Dios, a borbotones,  
la paz que quiere el mundo ardientemente,  
la paz que es el clamor vivo, ferviente,  
de nuestros anhelantes corazones.

Sin embargo en la tierra cuántos sones  
de estallidos y bombas solamente,  
cuánta pólvora y sangre de repente,  
cuántas alevosías y traiciones.

¿Por qué somos tan necios los humanos?  
¿Por qué no procedemos como hermanos  
en vez de estar haciéndonos la guerra?

Contágianos tu paz, Niño divino,  
y que sea tu paz el suave trino  
que resuene sin fin sobre la tierra.

## ALEGRÍA

Ha nacido contigo la alegría  
de sentirnos los hombres más humanos,  
más fuertemente unidos, más hermanos,  
más risueños que el sol de cada día.

Al hilo de esta noche dura y fría,  
el corazón, los ojos y las manos  
se nos llenan de gozo y muy ufanos  
te cantamos con dulce algarabía.

No permitas que luego, ya, mañana,  
la dulce Navidad, que hoy nos hermana  
en gozo sin igual, se vuelva olvido.

No permitas, mi Niño, que perdamos  
aquí mientras en vida caminamos,  
el don de la alegría que has traído.

## CONTEMPLACIÓN

Déjame contemplarte, Niño mío,  
dormido en el portal. Con sólo verte  
soy dichoso y feliz. Déjame hacerte  
guardia esta noche aquí. Con tanto frío,

¿cómo podrás dormir en este umbrío  
este pobre lugar...? ¡Ay, si cogerte  
pudiera entre mis brazos...! ¡Retenerte  
contra mi corazón es cuanto ansío!

Déjame que me invada tu ternura.  
Déjame que me eclipse tu hermosura  
hasta que el gallo cante estremecido.

Déjame contemplarte sin descanso,  
que es un gozo sin par, recental manso,  
verte sereno, dulce, así dormido.

## CUÁNTA TRISTEZA TODAVÍA

Mira cuánta tristeza todavía  
arrecia por el suelo que pisamos.  
Mira cuánta congoja mientras vamos  
de un lado para otro día a día.

Mira cuánta mortal melancolía  
en el barco en que todos navegamos.  
Mira cómo, mi Niño, naufragamos  
en el mar de la pena y la agonía.

Báñanos con tu luz y con tu aroma.  
Báñanos con la risa que se asoma  
por tu boca de lirio tembloroso.

¡A ver si de una vez sobre este suelo  
en sombras, deprimido, sin consuelo,  
el mundo se nos torna más hermoso!

### POBREZA

Mira desde la cuna la pobreza  
que cabalga sin tregua cada día.  
Mira cuánta es la extensa geografía  
de los que no levantan ya cabeza.

¿Oyes los cascos? ¿Oyes la tristeza?  
¿Oyes el llanto en medio de la umbría?  
¿Oyes cómo la cruel melancolía  
por doquier se destapa y despereza?

¿No podrías, Jesús, desde la cuna  
remediar tanta lágrima y herida,  
tanta larga y atroz desesperanza?

Ayúdanos a hacer todos a una,  
hermanados, unidos, en la vida,  
un lugar al amor y la esperanza.

## QUERERTE Y ADORARTE

Quererete y adorarte es cuanto ansío  
al mirarte en la cuna tembloroso.

Quererete y adorarte, Niño hermoso,  
es toda la pasión de mi albedrío.

Quererete y adorarte con el brío  
del mar y su oleaje poderoso.  
Y esconderte y guardarte, sigiloso,  
dentro, muy dentro aquí del pecho mío.

Ser tu belén y estar siempre de hinojos,  
hechizado en el iris de tus ojos,  
contemplando sin tregua tu hermosura.

Ésta es la Navidad que yo prefiero.  
Y esta es la Navidad que yo más quiero  
para poder vivirla con hondura.

## ME ACUERDO DE BEGONTE

Me acuerdo de Begonte cuando llega  
la Navidad, el tiempo más hermoso,  
el tiempo de la paz, del armonioso  
vivir en convivencia. Se sosiega

el corazón, el ánimo; se anega  
el espíritu en Dios; es más gozoso  
el simple respirar, más oloroso  
el aire que en diciembre se despliega.

Me acuerdo de Begonte. ¿Quien no sabe  
que en esta hermosa villa esplende y cabe  
el arte hecho belén esplendoroso?

¿Quién ignora que aquí de nuevo brilla  
con magnífica luz la maravilla  
de un técnico belén majestuoso?

### LA RISA DE JESÚS

Día y noche estaría, Vida mía,  
disfrutando tu risa tan graciosa,  
tu risa de fontana milagrosa,  
tu risa hecha sonora melodía.

¿De quién la has heredado? ¿De María?  
Es tan pura, tan grácil, tan preciosa,  
tan límpida, tan tierna y armoniosa,  
que sólo de tu Madre ser podría.

Ríe, ríe, mi amor, que con tu risa  
el establo se aroma de tal guisa  
que parece brotar la primavera.

Ríe, ríe, que es un cantar de fuente  
la risa que te brota dulcemente  
de tu boca divina y placentera.

## CÓMO ME GUSTARÍA CANTARTE

Cómo me gustaría, Niño mío,  
en esta noche santa, luminosa,  
cantarte con mi voz más melodiosa,  
mientras se pierde por afuera el frío.

Cómo me gustaría en este umbrío,  
este humilde portal donde la rosa  
de tu carne gravita esplendorosa,  
desbordarme en canciones como un río.

¿Pero cómo cantarte si María  
es la dulce y constante melodía  
que te arrulla con tonos maternales?

Déjame unir mi voz a su voz pura.  
Yo cantaré bajito y tú procura  
dormirte entre sus brazos virginales.

## SÓLO MIRARTE

De buena gana, Dios, me quedaría  
mirándote sin tregua, silencioso,  
así como ahora estás, dormido, hermoso,  
en el pesebre aquí, junto a María.

Sin prisas y sin tiempo yo estaría  
mirándote, mirando jubiloso  
tu cuerpo recental, tan primoroso,  
envidia de la fiel angelería.

Porque mirarte a ti, precioso Infante,  
es sentirse hechizado de hermosura,  
de hermosura sublime y esplendente.

Y sentirse bañado de ternura,  
de ternura melífica y radiante,  
de ternura divina y sorprendente.

### DUERME, DUERME, MI NIÑO

Duerme, duerme, mi Niño de Belén,  
duerme, duerme, mi Niño de Begonte,  
duerme, duerme, que ya canta en el monte  
el ruiseñor, y ya ha pasado el tren.

Duerme, duerme mi amor, duerme al vaivén  
de esta hermosa canción, el horizonte  
se despierta por verte, duerme, ponte  
cómodo, mi Jesús, duerme mi Bien.

Duerme, duerme, mis brazos son tu cuna,  
duerme, duerme, arrroró, que ya la luna  
hace guardia conmigo desde el cielo.

Duerme, duerme, que ya nada perturba  
el silencio en Belén ni nada turba  
tu sueño angelical, y yo te velo.



sanal para levar  
ousas da vida, cheo de ar-  
niversal, nosos devance-  
inversais, nosos devance-  
dos dos nosos nosos  
n habilidade, inxenio e  
n a.  
arredor é tamén un  
ropicio para que a  
da á ledicia arte e  
viva medre e  
amíños mas

sum, a  
lúa, a  
parpadexau-  
ata o amencer du-  
no que se aviva a ch-  
vida e do traballo cotián.  
Nunha xuntanza do gre-  
o protagonistas do Rei-  
o ecimento: Os Rei-  
o plano: Neno Deus,  
arón do Neno Deus,  
ra e S. Xosé, re-  
, camellos, re-  
nde viaxe,  
mas, un  
arm

# PRENSA

## **XXXIII CERTAME DE XORNALISMO “BEGONTE E O NADAL”**

---

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

### **XXXIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”**

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algúñ traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense doux premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

**PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.**

**SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.**

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2009, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto, autor e indicación da páxina onde está publicado.

**BEGONTE, NADAL de 2008.**

# **BASES**

## FALLO DO XURADO DO XXXIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



# FALLO DO XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. XOÁN XOSÉ MOLINA VÁZQUEZ (Delegado provincial de Cultura), presidente; D<sup>a</sup> BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

**PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO**, dotado con 600 euros e estatuña de Sargadelos. Concédese a XESÚS MATO MATO, polo artigo “O BELÉN DE BEGONTE: GALEGO/CHIREGO... E UNIVERSAL” publicado en [www.galiciadigital.com](http://www.galiciadigital.com).


**SEGUNDO PREMIO**, dotado con 300 euros e estatuña de Sargadelos, concédese a “PALMIRA DE OUROL” de RAMÓN EIJO BALSEIRO, publicado en *El Progreso (A Chira)* e *La Voz de Galicia*.

Pola calidade dos traballos, concédese unha **MENCIÓN DE HONRA**, dotada con estatuña de Sargadelos, a JOSÉ REINALDO POL GARCÍA (PEPE POL), polos traballos publicados en “Amencer”, “O Sil” e “A Palloza”, de Badalona.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela





## XESÚS MATO MATO

*Crego con seis parroquias na montaña de Lugo, foi asesor relixioso e redactor de Radio Popular de Lugo, fundou Radio Popular de Lalín, e creou a Polifónica de Lalín. Fundador e primeiro coordinador de Auxilia-Lugo, participou na creación de Fuxan os Ventos (o nome é o título dun poema seu), e "Galicia canta ó neno".*

*Fundou e dirixiu os coros Santísimo Sacramento e Eijo Garay de Lugo.*

*É Lucense do Ano, Premio Moncho Valcarce, Premio María Castaña, e fillo predilecto do Concello de Paradela, o seu pobo natal. Recentemente veu a luz o libro "Mato sono ío", no que cen amigos falan del co gallo dos 75 anos de idade, 50 de crego e 25 na montaña. Na actualidade é director do Orfeón Lucense.*

# O BELÉN DE BEGONTE: GALEGO/ CHAIREGO... E UNIVERSAL

A mediados do mes de Nadal de cada ano (le van trinta e sete!) cando acontece o anual traspaso do outono ao inverno e parece morrer a vida, á beira da estrada nacional VI (Madrid/A Coruña) milleiros de veciños da Terra Chá e unha grande caravana de viandantes de todo Galicia, en grupo ou individualmente, volven a recorrer o camiño que marca unha sinxela estrela que os guía, como noutrora, aos magos do Oriente, ao singular belén que permanece aberto durante as Festas do Nadal ata o día da clausura, ben avanzado o mes de xaneiro, no que se fai entrega de premios aos galardoados na 32ª edición dos certames de narrativa, poesía e pintura que se crearon ao seu redor. Unha singular e rica historia que ven de reafirmar a fe, constancia e calidade humana dun numeroso grupo de persoas e entidades que seguen a traballar, con entrega total e gratuidade, nun significativo e elocuente anonimato. ¡Algo impensable nestes tempos!

O tradicional e xa moi querido belén de Begonte, non aparece por casualidade. Foise facendo, pouco a pouco. Tiña fondas raíces na maioría das casas e igrexas de Galicia. Abundaban na Comarca da Terra Chá. Co apelativo electrónico comezou a súa andaina no Nadal do 1971, cando xa se puixeran a andar a ditosa década dos anos 70 na que todas as ideas, ilusións soñadas e as esperanzas posibles se tornaban en fermosas realidades cumplidas. Daquela, déronse acontecementos que semellaban milagres no eido da cultura, no mundo social, na política e mesmo no relixioso. O belén de Begonte ten, polo tanto, hoxe en día, unha ben desenvolvida e xa acreditada maioría de idade.

A fermosura exterior alberga, no seu interior profundo e oculto, un incommensurable traballo, cheo de forza e vida que se percibe nos seus movementos sincronizados, nas figuras humanas atarefadas nos seus traballos rurais, a maioría deles esquecidos e fóra de servizo no gran conxunto étnico/popular e relixioso. Os fenómenos naturais (noite, día, neve, ríos, montes, raios...) os animais domésticos que comparten vida/descanso coas familias (vacas, ovellas, porcos, galiñas, troitas...) manifestan a raíz e a fonte de vida dos labregos e habitantes deste noso maltratado planeta, chamado Terra. Os seus fundadores foron creadores adiantados da actual xeira da informática. Velaí un dos seus acertos e méritos. Fixérono sen perder a riqueza e profundidade da fe e das tradicións de Occidente. Coa xudía e a cristiá convividas, como referente principal.

Este belén electrónico, con moita riqueza tradicional e moi enriquecido pola cantidade de símbolos relixiosos áinda non foi contaminado. Nin manipulado. Mantén a esencia e o fundamento teolóxico do Misterio do Nadal, co realismo histórico/bíblico aporado polos evanxelistas Mateo e Lucas, os únicos (ademas dos apócrifos) que falan da infancia de Xesús, Neno, e da súa familia humana. O belén de Begonte nace dunha fe sinxela pero potente dos pobos e aldeas do rural galego que asimilaron moi ben a infancia do Neno Xesús e as peripecias que rodearon a súa pobre e dura vida. E a dos seus pais. Asumírona e fixérona propia dada a gran semellanza coa que eles estaban a vivir (e a padecer) na súa propia carne. Os seus pais, María e Xosé, eran pobres e labregos coma a maioría dos galegos. Xente sinxela e da aldea.

Vivían tamén marxinados e arredados do poder e influencia político/relixiosa, lonxe do poder e da metrópole (Roma e Xerusalén). Persoas cheas de fame e de necesidades e baleiras de riquezas como lles acontecía, a cotío, aos labregos da Terra Chá, do resto de Galicia, de España, de Europa e do Mundo enteiro. Eran e sentíanse semellantes aos daquela sinxela familia de Nazaré e dos seus parentes. Abonda con lembrar as dificultades que tiveron para sacar adiante ao seu fillo, atopar pousada para nacer, seren perseguidos e ter que emigrar. Mesmo sufrir desprezos por mor da misión deles e do seu fillo. Velaí a frase despectiva que intentaron fose ofensiva para Xesús e a súa familia: “io fillo do carpinteiro!”


Así foi a historia. A de Xesús/Neno e a súa. E así o contaron, graficamente. Ao xeito dos romances de cegos. Na linguaxe das imaxes. A lingua dos pobres, que todos entenden. Os nacementos foron sinxelos. Coma a xente da aldea. Que cando a deixaban expresarse (non era frecuente) sabían facelo moi ben. Unha das datas más abertas eran as do Nadal, incluída a Festa dos Magos. Quizás a única na que se sentiron protagonistas. Souberon aproveitala. E expresárono cos seus ritos, costumes e cantos. Velaí o extenso repertorio de nadais, panxoliñas, despedidas/entradiñas de ano...e, sobre todo, nos cantos dos reis, nos que quedou patente nas letras dos aguinaldos que áinda perduran.

Esta fermosa mostra do Acontecemento máis importante e transcendental da Historia humana e divina da Humanidade, chega, nun momento necesario e oportuno. Reaparece como testemuña da tradición popular precisamente cando máis brúan fortes e ma-

lévolos ventos que tentan rexeitar da vida galega os sinais e símbolos que ulan a relixión ou a velllos costumes tan arraigados no pobo, tan nosos e tan tradicionais. Aínda non fai moito tempo que estes personaxes defendían estas e outras tradicións, con uñas e dentes. Debeu ser o cheiro ou a proba de poder quen os fixo mudar de parecer. ¡Pobre e miúda coherencia na súa escala de valores! ¡Outra das inexplicables contradicións desta aloucada xeira do abafante consumo!. A actitude duns poucos ven a ser un insulto (máis ou menos consciente) ao noso pobo, sinxelo, humilde, cristián e pobre. Por iso...e por respecto ao noso pobo galego e ao Misterio do Nadal, aplaudimos a presenza testemuña dos beléns (nacementos) por todo Galicia e que hoxe simboliza e representa o electrónico de Begonte.

Como resume, cómpre subliñar o seu espírito: profundo e sinxelo, bíblico e tradicional, figurativo e plástico, simbólico e histórico, antigo e moderno. ¡Sempre vello e sempre novo e actual! Co seu necesario, xusto e harmonioso equilibrio na evolución histórica e con novedades cada ano, sen rachar coa esencia do Misterio de Amor. Do Deus Amor, que se fai Home, na sinxeleza dun Neno, pobre, desvalido e indefenso, que chega ao noso Mundo a compartir Vida connosco por amor á Humanidade que prometera e anunciaron os profetas. Coa mostra visible do Deus humanizado que eleva ao ser humano á Súa categoría facéndonos fillos e enxertándonos no Reino da Verda-de, Xustiza, Paz e Amor.

Parabéns para os milleiros de visitantes (asociacións, institutos, colexios, parroquias, familias, grupos...) que ao través dos trinta e sete anos de vida viviron o proceso evolutivo desta marabilla sinxela de fe, arte e historia etnográfica da zona. Parabéns e gratitud para os seus incansables promotores, técnicos e colaboradores. Xunto a eles, para os centos de participantes (nenos, xoves e maiores), con ou sen premio, nas 32<sup>a</sup> edicións (¡32 anos!) dos diversos certames de xornalismo, poesía e pintura, incluídos os Colexios. Tamén compre subliñar a participación de varias corais, grupos musicais, teatrais e outras entidades artísticas que desenvolveron actividades ao redor do Belén nos múltiples e diferentes actos de apertura/clausura. Con eles figuras significativas da Igrexa e do ámbito educativo, social, cultural, político e artístico que colaboraron na súa difusión e desenvolvemento. ¡Un número moi importante, reseñado nos ficheiros do C. S. De Begonte!. Como colofón dun inmenso e ben artellado traballo de tantos anos, no actual acadou outro gran zancada coa presenza e testemuño dos bispos de Mondoñedo/Ferrol e Lugo e da participación conxunta (con compromiso formal de continuidade e oficialidade) dos alcaldes dos dez concellos da Terra Chá. ¡Parabéns e mil primaveras más para o Belén electrónico de Begonte e para os milleiros de persoas anónimas que lograron o milagre!



## *RAMÓN EIJO BALSEIRO*

*Naceu na parroquia de San Isidoro do Monte, a más montañosa do concello de Xove.*

*Pertenece ó persoal do Sergas (area administrativa) que compaxina con outras actividades.*

*Gostalle moito escribir, sobre todo relatos curtos dos que ten algun que outro publicado.*

PALMIRA fora unha muller moi bela. Había moitos anos que deixara atrás a súa xuventude, pero iso non lle impedía sentirse nova e chea de vida. Gostaba de vestirse á moda, peitearse de perruquería e pintarse coa devoción dunha moza, a pesar de rebasar os oitenta. Vivira sempre en Ourol, nunha casa habaneira que seu pai fixera cando fora emigrante en Cuba, amasando unha grande fortuna para aquel tempo. Dicían os que a coñecían de preto que tivera un gran desengano amoroso, e que estivera esperando a chegada dun home dun retrato que amosaba moi poucas veces.

O regreso daquel home nunca chegou, e xa nos derradeiros anos da súa vida, e como é costume nesta época, foi dar a unha residencia, onde Cecilia e eu fomos as súas cuidadoras. Mientras estivo con nós, devecía que chegara o mes de Nadal para ir ó belén de Begonte.

«Tendes que compañarme» dicía, «xa veredes qué cousa más bonita».

Así o fixemos, nos catro anos que estivo na nosa compañía fomos con ela sempre. Viamos cómo ano tras ano o vivía intensamente. Coñecía tódalas figuriñas, pois dende que se inaugurara aló polos anos setenta faltara moi poucas veces.

«Mirade aquelas lavandeiras, puxéronas este ano». «Aí, mirade os carpinteiros e a leiteira que tamén son novos, e os esquíos na póla dos carballos». «Aí, os segadores, Deus meu canto teño segado eu! Agora non hai trigo», «Moito me teñorido coas xolodras que facíamos cando rematabámo-lo traballo...»

# PALMIRA DE OUROL

Sentíase identificada co neno, pois dicía que a el non lle deran pousada, e a ela a súa familia non lle dera cariño nin acubillo de vella.

Despois, cando remataba a sesión a xente saía para entrar outras, ela sempre repetía: «Quero volver a velo». Despois levábanos ó museo que hai ó lado, onde están as casiñas e as figuriñas que en anos anteriores ocuparan un sitio no belén. Alí sentaban nunha cadeira para coller aire. Non quería saír daquel mundo envolvente cheo de maxía e paz.

Enfermou gravemente un outono e dicía que ese ano xa non iría máis ver o belén de Begonte. Nosoutras diciámosselle: «Si muller, xa verá como se pon ben e si».

«Non, non irei, pero tendes que prometerme que iredes por min».

Así llo prometemos e así o fixemos, fomos a Begonte. Alí as lembranzas foron moitas. Botamos de


menos a súa presenza e sintimos un grande baleiro pola súa falta.

O belén, como en anos anteriores, seguiu co seu ritmo, as figuriñas puxéronse en movemento, fíxose o día, volvے a noite, pero nun momento cando a sarabia e a treboada estaban amainando, sentín cómo me apertaban as mans, acompañado dun forte olor a xasmín, o perfume preferido de Palmira.

Mentres saía a xente senteime nos bancos pois as pernas empezáronme a tremer. Mirei para Cecilia e sen ela dicirme nada sentín que lle pasara o mesmo ca min. «Non fagas preguntas», díxenlle, «hai cousas que non teñen explicación».

Saímos de alí moi contentas, non sen antes facermos un pacto de que isto sería un segredo das tres, pois como non podía ser menos este ano tamén Palmira estivo con nós vivindo o belén de Begonte.





## *JOSE REINALDO POL GARCIA (PEPE POL)*

*Profesor e escritor, ten publicados varios libros de poesía e prosa, e organiza anualmente os Encontros Poéticos na Vila de Quiroga.*

*Colabora asiduamente en diversos medios e ten conseguido numerosos premios tanto de xornalismo, como cos seus alumnos polos traballos realizados nas súas clases.*

*Aínda non sendo galego de nacemento, é un entusiasta da cultura galega e tódalas súas actividades xiran arredor de Galicia, a natureza, a ecología, a historia ou a poesía, constituíndo un referente de impulsión cultural no sur da provincia de Lugo.*

# SABELA E O BELÉN DE BEGONTE

TRINTA E SEIS

Sabela era unha nena que non tiña máis de dez anos. Calquera rapaza da súa idade estaría sempre bulindo e facendo balbordo pero ela, que debería ser un manso mar de ledicia, parecía unha poza de negra tristura porque a vida trouxo lixo deshumanizador ata o seu ser.

Cando tiña un par de anos os seus pais, viciosos e egoístas, escacharon en pedazos a súa familia. O home era ludópata e a nai unha muller que sempre andaba en compañía do viño, bo amigo se non se bebe en exceso. Os dous eran amigos de costumes perniciosas e pouco responsables co deber de tapar as goteiras económicas que, cada día en maior cantidade, esnaquizaban o maltrato fogar. Non paraban na casa e a neniña Sabela pasaba as horas triste e chorosa. Unha veciña prestaba atención e axuda a ese ceo de nena, mentres os pais entraban e saían do fogar sen sequera deixar unha ollada de amor a súa filla.

Un día súa nai non volvے e o pai, enfadado porque non tiña cartos para xogalos no bingo, dixo: “Escoita, Sabela, a túa nai xa non virá, marchou con outro. Eu marcho antes de ir ó cárcere polas moitas débedas que teño. Ti quedas coa veciña”.

A nena non pudo decir palabra. Cando o seu proxenitor pechou a porta, aquel golpe seco pareceu provocar a corrente de bágoas que saían dos seus ollos. Os berros fixeron acudir aos veciños. Sabedores do feito puxéronno en coñecemento dos responsables dos asuntos sociais do Concello.

Despois de analizar e sopesar a situación, a concelleira responsable desta área decidiu ingresar a

Sabeliña nun centro de acollida que había nun lugar chamado Brollón.

Alí, nesa casa-fogar é onde atopamos a Sabela sentada nun banco no patio do centro e arredor, como dándolle osíxeno vital, outras nenas que están na súa mesma condición e un par de monxas que tentan coas súas palabras acender no seu peito o lume sentimental que apagaron eses que nunca deberon apagalo. Estaban xa a piques de chegar as vacacións do Nadal e, esas entrañables datas, eran como vento frío que removía más tristura da nena.

Outras rapaciñas poderían ir á súa casa pero ela non tiña onde ir. Neses días chegou eu ata ese sitio de Brollón, por entonceas traballaba de comercial e fun ata o centro para ofrecer ás persoas responsables da cociña productos culinarios. Estaba saíndo de falar coas encargadas dese tema cando atopei a esa cativa de semblante moi triste. Apartándome preguntei a unha das monxas por que estaba esa criatura tan apesadumbrada e ela explicoume que había ingresado facía escasamente unha semana. Entón dixen a esta sor que eu sabía do lugar onde a nena volvería a recobrar a ledicia.

Ese sitio non era outro que o Belén Electrónico de Begonte, ese sería o mellor agasallo de Reis para ela, esta neniña perdeu moita infancia e os soños que non tivo pode atopalos ollando nesas figuriñas, por iso penso que deben programar unha excursión ata ese lugar de Terra Chá e xa verán como alí, ante ese belén prodúcese o esperado, que Sabela quede curada dese tormento a que está sometida por unhas

extrañas pantasmas que non deixan que sexa ceibe para vivir sen o pecado dos seus pais.

A monxa, despois de escoitar con moita atención, replicou que era unha idea xenial e que podía ser o único sitio onde esta nena recobrara a ledicia, pois se o Belén non obraba este milagro nada nin naide podería facelo.

A piques de chegar o verán volvíng por alí, en verdade que non me esquecera daquela mirada tan fonda e triste, a ollada que saía duns ollos onde parecía que non había a luz diáfana de infancia.

Cando entrei chegou a monxa moi leda dicindo: “¡Señor, señor, veña! Sinalaba para un lugar do patio onde xogaban moi contentas un grupo de nenas e nese corro estaba Sabela.

A irmá proseguíu falando e comentou que estiveron en Begonte e que, grazas a aquela visita, producíuse a cura radical dese mal de tristura que mataba á neniña. Entón pedín a monxa se podería falar coa rapaza e a muller accedeu. Fun xunto dela e despois de saudala abríng a miña carpeta e saquei o libro do belén de Begonte de D. Xulio Xiz, despois de darrle un bico na súa frente coloquei nas súas mans anxelicais, mans que parecían azas abertas de pomba de paz, ese manual como regalo. A nena comenzou a berrar. “¡O Belén de Begonte; onde aprendín que a familia sempre existe, pois cando falla a bioólica está para darche apoio a cristiá. En Begonte comprendín que onde hai cristiáns existe seguro amparo. Agora son moi feliz. Pedín á nai superiora que tódolos anos polo tempo do Nadal conceda

como agasallo que todas as nenas desta casa poidamos visitar ese Belén, o sitio onde atopei a luz da miña vida, esa estrela que todos temos que coller!"

Quedei abraiado polo milagre e, dando un bico á rapaza, marchei, despois de dicir adeus á monxa, pensando en aqueles pais que deixron perdida unha xoia de sentimentos, esa nena, que na casa de acollida e no Belén de Begonte atopou naquel Nadal a súa identidade perdida.

Pasados os anos estiven facendo outro traballo en terras de Castela e, vinte anos despois volvín á nosa querida Galicia. Pasei un día por aquel sitio de

Brollón non para ofrecer produtos comercias pero sí para saber de Sabela.

Entereime de que xa non estaba, que casou cun rapaz do seu tempo e a voda tivo lugar na igrexa de Begonte porque a rapaza dixo que quería recibir o sacramento do matrimonio onde nun Nadal encontrou a estrela da súa vida.

Marchei encantado de que grazas ao Belén dous mozos, fillos de familias rotas, eran futuros pais do que sería un fogar semellante ao do Belén porque os homes e mulleres poden dar malos exemplos, pero a Sagrada Familia é a luz que ilumina todo.



# O CADRO DO BELÉN DE BEGONTE

Chegou un ano máis o Nadal, como folerpa de neve que vén do ceo da espiritualidade. Aquela mañá vendo que o meu contorno estaba cuberto polo manto albo deses bos desexos, busquei na adega da miña torreciña corporal para ver se no cofre da memoria atopaba algunha figuriña do belén da infancia. Non atopei nada. ¿Estarían escachadas polo esquecemento? Os papeis que tiña nas miñas mans para limpalos do po do recordo, empapados quedaron coa precipitación das bágoas dos meus ollos por non poder atopar aquelas queridas pezas, lembranzas tamén dunha perdida infancia. Busquei precipitadamente aquela pizarra de rabo de trapo e superficie diamantina. Estaba escachada, non había palotes nin verbas, foron borradas polo tempo. Co meu dedo quixen debuxar a silueta dun neno pero non podía, soamente quería a miña man reproducir homes e mulleres. Ollando cara ós meus adentros puiden ver un neno pequerrecho que choraba na cova do meu peito, pero era imposibel representalo. Comprendín porque choraba, polo medo a medrar e cando fora adulto autocrucificarse na cruz do progreso. María non cesaba de chorar porque o seu fillo morreu afogado polo esixente benestar e S. Xosé vendo que a súa flor familiar estaba murcha utiliza a súa vara como caxato para pedir asilo nalgún outro portal; pero aínda que ofrece as súas mans cheas de sentimentos como a xente non ve nelas bens materiais, non chegan a el nin sequera as pombas dun solitario parque. A Virxe envolta na súa túnica morendo de pena no inferno da terra e Xosé, soamente esa Nai e Pai poden, coa súa presenza, facer que o neno que teño dentro sexa un ente real e vivo. Pero para construír o belén non soamente faltan estas pe-

zas; pois non hai pastores nin ovellas, somente ouvean os lobos e o río é de augas contaminadas co odio e manchadas de sangue por iso morreron os parrulos, non hai lavandeiras, non hai oficios artesanais e si chemineas fumegantes e dogos rabiosos. Busquei unha vaca, estaba tola corneando ao vento. ¿E o burro? Morreu esgotado pola excesiva carga. Por non haber non hai nin portal que está convertido en derruído paredón, cemiterio onde morren as esperanzas. O seu vello tellado caeu polo peso do chumbo da soledade. Agardei uns momentos esperando polo canto do galo do amencer das ilusións, pero sosamente quebraron o silencio da morte o silbo da serpe e o ouveo do lobo famento.

Desilusionado por non poder montar o Belén rompín aquel anaco de lousa que non quixo ser espello dos meus desexos, vivir o Nadal.

Sen sabelo, no meu camiñar sen rumbo, sen estrela guía, cheguei á Terra Chá onde atopei unha vella, moi vella, cunha roca fiando fíos de moitísimas cores. Falando con ela contei a esa anciá o meu problema non poder montar o Belén. Ela dixo con voz severa: «Debe saber que chegou ó portal e que todas aquelas figuras que non atopa están vivas en Begonte, lugar espiritual onde todos esos humildes son realidade; por iso aquí vés todo o que parecía para ti perdido».

Dito isto, preguntei:

«¿Onde está o Begonte?

«Ese novo Portal, repuxo ela, sígame e xa nel estaremos».

Sen falar máis e con paso moi áxil, a vella ía diante de min sen parar de fier e pasado un atiño xa vin as casas dun pobo. Ela dixo: «Aí está o Portal de Galicia».

Quedei abraiado cando vin que ela volvía polo camiño cara atrás e non seguía. Non puiden deixar de preguntar porque non seguía e dixo: «Xa vostede atopou o día, eu soamente son unha estreliña que nas noites da vida guía aos pobres pelegrinos como vostede».

Quedei só ante as portas de Begonte e, cando preguntei polo que buscaba, dixéronme que estaba no Centro Cultural Domínguez Guizán, entrando nese tropel todo o que eu quería, co pincel da miña fe, pintar anteriormente, un grandioso Belén, aquela luz de espiritualidade fixo que despertara a un novo día de decembro, cando abrí os ollos na miña cama comprendín que todo foi un soño. Fun cara o meu estudio e grande sería a sorpresa, cando comprobéi que tiña un abraiente agasallo: ós útiles dun pintor e debaixo dos pinceis unha noticia dicía: «Usádeos soamente para pintar o Nadal». Ningún asinaba. Soamente estaba debuxada unha estrela.

Aquela mesma mañá comecei a pintar aquel soño do Belén Electrónico de Begonte. Non necesitaba fotografía, todo estaba grabado no espello da miña memoria, todos os detalles daquel Nacemento: serradores, os reis magos, lavandeiras, o fume, a néboa, os zoqueiros, a Sagrada Familia... Sen ser un mestre pintor pasada unha semana tiña feito unha obra grandiosa. Cando pasou o Nadal solicitei excepciona no meu traballo e coa compaña do cadro e

unha maleta co utilaxe de pintura marchei por Galicia, os pobos de España e do mundo expoñendo en rúas, prazas, cafés e museos o cadre do Belén de Begonte. Todos quedaban abraiados, moitos desexaban mercalo pero como era unha obra espiritual non había cartos no mundo para podela adquirir; con ese cadre, que era o espírito do Nadal, nunca tiven falta de pan e, por suposto, o sal da felicidade. Levava once meses percorrendo o mundo e nun solpor, cando estaba preto do río Sena, disposto a recoller a miña singular exposición, baixa do ceo unha estrela e alí mesmo onde me pareceu que escachaba contra a rúa, volveu a aparecer aquela vella que vin preto dun ano en Begonte; volvía estar fiando e cun sorriso de anxelical espiritualidade dixo: «Xa é hora de que o cadre volva ó seu museo, ó Centro Cultural de Domínguez Guizán, pois xa todo o mundo sabe onde está o Belén de verdade, en Begonte».

Desapareceu a muller e entón comprendín que aquel cadre era o mesmo Belén electrónico e como

xa chegaba outro Nadal tiña que volver ó seu lugar, e que eu non era capaz de pintar nin sequera un piñeiro. Todo foi milagroso para que eu pudiera vivir o mellor ano do meu existir. Aos poucos días, primeiros de decembro volví co cadre a Begonte e cando entrei no salón xa non tiña o lenzo nas miñas mans e a voz do crego dicía á xente que estaba agardando na porta: «Pasade, vai procederse a inaugurar o Belén Electrónico de Begonte 2007».

Intentei moverme, pero eu xa era unha figuriña de terracota que formaba parte daquel. Acabáronse as noites. Estaba noutra vida, era un pastorciño en postura de xenuflexión orando ao Rei dos ceos e enriba aquela estrela que me entregaba unha raiola, un fio desa vida eterna que inmortaliza a eses que once meses van preparando o mundo para recibir o Nadal e a primeiros de decembro toman figura e cor en Begonte para facer vivas as ilusións dos que teñen nas súas mans o irrompible fío da fe.



# EN TERRA CHÁ...

CORENTA E CATRO

En Terra Chá, en una parroquia de Begonte, vivía la familia de nuestro relato, compuesta por los padres y una única hija moza. La joven terminaría la carrera de Magisterio en Lugo y luego se dedicó a preparar las oposiciones. Un verano la chica que se llamaba Maruxa, dijo a sus padres que en Agosto iba a marchar a Francia para trabajar en ese país vecino en la vendimia; puesto que no había aprobado aquel año las oposiciones iba unos meses ganar dinero para matricularse en una academia en Octubre y prepararse concienzudamente. A los padres no les agradaba la decisión de marchar al país galo, pero como la chica lo tenía tan claro no se opusieron.

Cuando Maruxa llegó a su nuevo trabajo se encontró con gentes de diferentes nacionalidades que también iban para ganarse la vida en la recolección de la uva. La muchacha empezó a mantener mucha amistad con un hoven de su edad que se llamaba Alí. El poco tiempo que les quedaba después de las largas faenas se dedicaban a contarse sus vidas. Alí le dijo que el motivo de estar en Francia fue que, siendo niño, un misionero francés que llegó a su aldea subsahariana le enseñó este idioma. No sabía que pasados los años ese hilo lingüístico sería el causante de que emprendiera el camino de emigrar a Francia. Muchas fueron las penalidades en el transcurso del periplo, múltiples las que le esperaban para encontrar un trabajo eventual. Se matriculó e hizo estudios secundarios en clases nocturnas y luego por libre la carrera de abogado; pues había sufrido tanto que se propuso saber defenderse y defender a los demás: ante todo era una persona cristiana y muy creyente, gracias a aquel misionero.

Maruxa también le hablaba de sus padres y de Terra Chá, pero en especial, le comentaba del Belén de Begonte, algo digno de ver para cualquier persona, y le dijo que si en Navidad quería lo invitaba, con el permiso de sus padres, a pasar unos días en su casa para que contemplara el extraordinario Belén de Begonte.

Pasaron los días, acabó la vendimia y Maruxa y Alí hubieron de despedirse, pero ya el amor había unido a los dos. Mucho lloraron y se prometieron escribirse y hablar por teléfono cuanto pudieran.

Cuando la chica llegó a Begonte grande fue la alegría en su casa. Les contó a sus progenitores que se había enamorado de un joven pero olvidó decir que era negro; pues eso era tan poco relevante que ella solo sabía que le gustaba. A los padres les pareció bien y, cuando les dijo si para Navidad podría venir para ver el Belén de Begonte también dieron su beneplácito.

Aquel mes de Diciembre Maruxa estaba emocionadísima esperando la llegada de su novio. Fue, en el día fijado, a esperarle hasta Lugo, y desde la terminal de autocares tomaron el que cubre la línea a Begonte. Ya en el autobús coincidieron con un par de vecinas que empezaron a darse de codos y clavar ojos, como dardos envenados de racismo en el mozo. Ellos se mostraron indiferentes y saludaban a otros conocidos que también cuando les dieron la espalda hablaban en voz baja, de seguro que también, dado el poco mundo que habían recorrido comentaban sobre lo que no precisaba comentario alguno. Esto sería poco comparado con lo que ocurriría cuando

llegaron a casa. La reacción de sus padres al verla acompañada de aquel mozo de color fue de rechazo cuando se los presentaron; pues ya, la madre, le dijo: “¿Y a dónde piensa este señor hospedarse?”

Sorprendida quedó la hija, pero Alí solucionó diciendo “No se preocupe, en cualquier hostal”. Tomando a la hija aparte le recriminaron muy duramente diciendo que ellos no querían en casa a negros. Maruxa tuvo que contener las lágrimas y la rabia; volvió junto a su novio y le dijo: “Ven, aquí cerca está el hostal S. Martiño en el que te puedes hospedar”. Uno y otro procuraron no hablar de la situación, pero ella, dándole un beso, le susurró: “No te preocupes, yo te quiero”.

Alí, cuando quedó en la habitación del hostal pensó sobre la intransigencia, xenofobia y todos esos males que son enfermedades endémicas que todavía no han desaparecido en el mundo. Sentía que por quererse, Maruxa sufriera problemas familiares. Pasadas unas horas volvió la chica y le invitó a ir para ver juntos el Belén de Begonte. Cuando llegaron le presentó al sacerdote a su acompañante y éste se alegró mucho de que aquella chica introvertida de niña fuera ya una auténtica mujer abierta a la realidad de la vida y sumamente enamorada. Alí se alegró mucho cuando vio aquel Belén y cuando lo estaban contemplando Maruxa dijo: “Hagamos en voz baja nuestras peticiones porque todo lo que aquí se solicita al Niño como regalo, lo tienes antes de la clausura del Belén”.

Alí pidió lo siguiente: “Que no haya más discriminaciones y que Maruxa y yo no seamos víctimas de esas insolidaridades y reacciones”.

Maruxa por su parte: “Señor, que mis padres lo quieran”.

Después mirándose a los ojos iluminados por el amor, salieron comentando con el sacerdote que mientras estuviera el Belén todos los días vendrían a visitarlo.

La Nochebuena, Alí cenó solo en el San Martiño y Maruxa entre la soledad de unos padres enfadados, unos gallegos que no parecen saber lo que es la multiculturalidad. ¿Tendrá culpa la aldea? ¿Será la intransigencia y totalitarismo en el que se educaron?

Aquella Nochebuena ninguna de las tres partes padres, hija e inmigrante durmieron.

Al otro día, el día de Navidad, fueron a misa. Los progenitores de Maruxa se sentaron en un banco y ella se puso con Alí un par de asientos más atrás para evitar, en el momento en que había que darse la paz, alguna actitud poco adecuada.

Aquel día en la homilía el sacerdote habló de ese mundo que Jesús vino a unir, del espíritu de la Navidad.

Al final todos fueron ver el Belén Electrónico de Begonte, antes de acceder a él, el padre de Maruxa se colocó al lado del mozo y le dijo: “Yo lo que quiero es vuestra felicidad”.


El africano quedó asombrado. Dentro la hija se colocó al lado de su madre y en voz muy baja le decía: “Mamá, si el Neno es de otro mundo, el espiritual y es querido por todos, por qué tú no aceptas el

color de Alí, si el tiene un corzón como tú y como yo. Madre, si crees en Cristo y adoras a esta Sagrada Familia no rompas con tus infundados prejuicios la nuestra y abre tus brazos para recibir quien a nuestro hogar ha venido esta Navidad para decirte que quiere a tu hija. Mamá, tú que cuando niña me regalabas en Reyes aquellos juguetes déjame en este Belén de Begonte el regalo más grande, que tenga Alí, tu cariño, que lo consideres como ese hijo varón que no has tenido y que yo te traigo...” Habiendo, sin darse cuenta la niebla del Belén las había envuelto aislando de los demás visitantes. De improvisto la estrella del Belén brilló con un fulgor intenso y se oyó una voz, que decía: “Mujer, cumple el mandamiento nuevo”. La luz de uno de los relámpagos artificiales iluminó el rostro de madre e hija, entonces Maruxa vió los ojos de su madre inundados de lágrimas y de sus labios sonaron estas palabras: “Hija mía, Alí ha venido para descubrir que yo, en verdad no amaba al prójimo y hoy la estrella de este Belén me ha guiado hasta el fondo de mi alma para hacer nacer esa persona auténtica que aún no había mostrado”. Desapareció la niebla, Alí y el padre de Maruxa entraron para ver por que se retrasaban y al verlas fundidas en un abrazo ellos hicieron otro tanto gritando: “En el Belén de Begonte tienen cabida todos los colores”. Luego la madre de Maruxa abrazó al novio de su hija diciendo: “Ya tengo el hijo que me faltaba”.

Marcharon a casa en grata unión, mientras el cura, desde la ventana de la sacristía, al contemplar la hermosa unión, pensó: “Belén de Begonte, tu eres integrador de culturas” pero no sabía el buen

sacerdote, que al otro día de la clausura del Belén, el último Sábado de enero, ellos querían sellar en matrimonio su relación y, como regalo, prometerle que, si él se lo concedía, como iban a quedarse a vivir en Begonte, anualmente colaborarían con las demás personas que ayudan a montar el Belén Electrónico.

Desde ese año así fue y sigue siendo y, al igual que llegan de Cospeito las aves migratorias, atraídas por la buena acogida de Alí, llegarán más familias inmigrantes porque saben que el Belén de Begonte es vínculo de unión de culturas y brilla el amor y los valores humanos en el pleno invierno porque no existe discriminación.



CENTRO CULTURAL «JOSE DOMÍNGUEZ GUIZÁN»  
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2009 - XANEIRO 2010